



Sr. Secretario Xeral de Calidade e  
Avaliación Ambiental  
Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Coto Frío [(Dozón, Pontevedra) (Irixo e Piñor, Ourense)], promovido por VECTOR VERDE, S.A., clave 2011/0090,

## EXPÓN:

1. Que de acordo co "*Documento de inicio*" os aeroxeneradores 2 e 3, así como parte do seu vial de acceso, situaríanse nun de hábitat de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo co "*Documento inicio*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 5 especies de aves catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Circaetus gallicus*, *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*).
3. Que, agás para as aves, o "*Documento de inicio*" non contempla a afección sobre as especies de fauna ameazadas.

## SOLICITA:

Que o proxecto de Parque Eólico Coto Frío [(Dozón, Pontevedra) (Irixo e Piñor, Ourense)], promovido por VECTRO VERDE, S.A., clave 2011/0090, se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe alternativas para evitar totalmente a afección dos os aeroxeneradores 2 e 3 e do seu vial de acceso sobre o hábitat de conservación prioritaria na Unión Europea existente na zona.
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
  - a. *Anfibios e micromamíferos*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
  - b. *Circaetus gallicus*, *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata* e *quirópteros*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
  - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
3. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 21 de xuño de 2011